



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

**METEOGALICIA**  
*Informe climatolóxico decembro 2011*

---

# **INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE DECEMBRO DE 2011**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>DESCRINCIÓN SINÓPTICA DO MES .....</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....</b>	<b>4</b>
<b>3</b>	<b>RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....</b>	<b>5</b>
<b>4</b>	<b>TEMPERATURA .....</b>	<b>8</b>
<b>4.1.</b>	<b>Temperatura máxima media mensual. ....</b>	<b>8</b>
<b>5</b>	<b>Temperatura mínima media mensual. ....</b>	<b>9</b>
<b>5.1.</b>	<b>Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 decembro. ....</b>	<b>10</b>
<b>5.2.</b>	<b>Evolución da temperatura media no período 1961-2011. ....</b>	<b>14</b>
<b>6</b>	<b>PRECIPITACIÓN .....</b>	<b>15</b>
<b>6.1.</b>	<b>Precipitación acumulada mensual decembro 2011 .....</b>	<b>15</b>
<b>6.2.</b>	<b>Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....</b>	<b>16</b>
<b>6.3.</b>	<b>Días de chuvia en decembro de 2011 .....</b>	<b>17</b>
<b>6.4.</b>	<b>Evolución da precipitación no período 1961-2011 .....</b>	<b>19</b>
<b>7</b>	<b>VENTO .....</b>	<b>20</b>
<b>8</b>	<b>RADIACIÓN SOLAR .....</b>	<b>25</b>
<b>8.1.</b>	<b>Mapa de irradiación solar mensual .....</b>	<b>25</b>
<b>8.2.</b>	<b>Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....</b>	<b>26</b>
<b>9</b>	<b>RAIOS .....</b>	<b>27</b>
	<b>Anexo: Resumo mensual</b>	

**Data edición: 16/1/2012**



**Mes con chuvias, aínda que pouco abundantes, na primeira metade e un final máis anticiclónico, co que resultou en xeral seco e con temperaturas normais.**

## **1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES**

O mes de decembro estivo caracterizado en xeral pola persistencia das altas presións no entorno dos Azores, o que fixo que incluso na primeira metade do mes, cando as baixas presións achegáronse algo máis a nosa Comunidade, as situacións non fosen en xeral moi adversas.

Así, no primeiro día do mes, tivemos o paso dunha fronte fría que pola tarde deixaba chuvias persistentes e xeneralizadas con ventos intensos do sudoeste. Esta fronte arrastrou aire frío o que propiciou un descenso térmico nos seguintes días.

Nas xornadas do 2, 3 e 4 de decembro o ambiente foi inestable, con ventos de compoñente oeste e chuvias intermitentes que foron de neve nas áreas de montaña de Lugo e Ourense.

Nas xornadas do 5 e o 6 a situación foi novamente intermedia entre altas e baixas presións, pero desta volta con certo predominio do anticiclón. Isto non evitou algún chuvasco illado e ocasional na Comunidade Galega, pero alternando tamén con momentos de sol, de xeito que as temperaturas ascenderon durante esas xornadas.

Os días 7 e 8 practicamente repetiuse esta mesma situación, con algún chuvasco ocasional na zona máis ao oeste e temperaturas suaves.


Nas xornadas do 9, 10 e 11 quedamos na zona máis inestable da atmosfera polo que as chuvias foron algo máis xeneralizadas, pero dado que os ventos predominantes foron do sudoeste, as temperaturas nesas xornadas foron suaves.

Nos seguintes días un centro de baixas presións moi profundo e tamén moi amplo colleu a Galicia no seu radio de acción, polo que entre o 12 e o 16 as condicións atmosféricas foron moi adversas con intensos refachos de vento e chuvias xeneralizadas. A situación de ventos fortes provocou a aparición de avisos por fortes ventos nas xornadas do 15 e 16, con aviso tamén por fortes chuvias nesa mesma xornada.

Esta situación de profunda e extensa borrasca ocasionou tamén un episodio de alerta vermella no mar por mar de fondo que se estendeu os días 14 e 16 cando a altura das ondas superou os 7 metros.



Na figura 1 preséntanse as saídas do modelo meteorolóxico americano GFS (“*General Forecasting System*”), para estas dúas xornadas. As isóbaras moi xuntas e a profundidade da borrasca que afecta a Galicia son as responsables dos fortes ventos e do mar de fondo con ondas que superaron os 8 metros de altura.



**Figura 1:** Saídas do GFS para as xornadas do 14 e o 16 de decembro de 2011

Xa nos días 17 e 18 a situación tendeu a normalizarse, quedando chuvascos intermitentes e un importante descenso térmico.

A semana entre o 19 e o 25 tivo claramente dúas partes diferenciadas, cos dous primeiros días nos que as altas presións foron entrando en Galicia, quedando aínda nubes e algunhas chuvias febles e unha situación completamente anticiclónica a partir dese momento.

Esta situación anticiclónica estendeuse dende o 21 ata o 27, deixando 7 xornadas consecutivas de ceo despexado, con néboas nos vales do interior. As temperaturas nestas xornadas contrastaron moito entre as da madrugada, con intensas xeadas, e as das primeiras horas da tarde, moi suaves principalmente no litoral Atlántico. Tamén é salientable nestas xornadas, a presenza da inversión térmica, producida polo arrefriamento nocturno e a ausencia de ventos. Esta inversión deixou temperaturas mínimas moito máis altas nas montañas que nos vales de interior durante este período.


A partir do 28 o anticiclón moveuse cara ao sur, dando lugar a entrada de humidade dende o Atlántico, con algunhas chuvias de carácter feble nas comarcas máis atlánticas.



## 2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA


Nas anomalías de presión neste mes de Decembro pode apreciarse claramente un dipolo con presións máis baixas do normal no Atlántico norte, por riba de Escocia, pero tamén o anticiclón dos Azores máis reforzado do normal nesta época do ano, o que explica que as fronteiras non fosen en xeral moi intensas.

**Anomalías de presións a nivel medio do mar  
Decembro 2011**



**Figura 2:** Anomalías de presión en superficie, decembro de 2011.

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa  
Decembro 2011**



**Figura 3:** Anomalías de xeopotencial en 500hPa, decembro de 2011.



### 3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

#### A CORUÑA

	DECEMBRO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.6	11.5	13.7 (1989)	9.0 (1975)
Tª mínima media	8.9	8.9	11.3 (1989)	6.0 (1975)
Tª mínima absoluta	3.81 (día 25)	0.8 (31/12/1975)		
Tª mínima máis alta	12.2 (día 21)	17.6 (17/12/1987)		
Tª máxima media	14.4	14.0	16.1 (1989)	12.0 (1975)
Tª máxima absoluta	16.7 (día 1)	25.6 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	12.1 (día 28)	7.4 (30/12/1971)		
Precipitación acumulada	141	108-136	400 (1978)	21 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	19	15	25 (1981)	5 (1988)

*Comentario:* Mes normal en xeral tanto para as temperaturas mínimas e medias como para as máximas.

*En canto á precipitación neste mes é lixeiramente húmido pero moi próximo á normalidade. O número de días de chuvia porén é moi superior ó valor agardado.*

**SANTIAGO**

	DECEMBRO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.0	9.8	12.2 (1989)	7.8 (1990)
Tª mínima media	6.1	6.4	9.6 (1989)	3.8 (1990)
Tª mínima absoluta	0.3 (día 27)	-2.0 (22/12/1990)		
Tª mínima máis alta	11.8 (día 5)	15.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	12.3	13.2	14.8 (1989)	11.8 (1982)
Tª máxima absoluta	14.6 (día 22)	24.0 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	9.9 (día 18)	6.0 (09/12/1990)		
Precipitación acumulada	119	208-283	782 (2000)	15(1988)
Días de chuvia (≥1mm)	15	16	28 (2000)	5 (1998)

*Comentario:* Mes frío para a temperatura media e moi frío para a máxima. A temperatura mínima está dentro dos valores normais.

A chuvia rexistrada é moi inferior ó rango climático de valores normais polo que o mes considérase moi seco. O día de días de chuvia é lixeiramente inferior ó agardado.

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

**LUGO**

	DECEMBRO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	6.7	7.0	9.8 (1987)	3.7 (1975)
Tª mínima media	3.3	3.6	7.1 (1989)	-0.9 (1975)
Tª mínima absoluta	-3.1 (día 27)	-8.0 (23/12/1975)		
Tª mínima máis alta	10.4 (día 5)	16.0 (16/12/1987)		
Tª máxima media	10.8	10.3	12.9 (1989)	7.4 (1980)
Tª máxima absoluta	14.4 (día 16)	22.0 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	4.1 (día 25)	1.0 (16/12/1988)		
Precipitación acumulada	65	107-131	510 (1978)	18 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	9	15	27 (2000)	5 (1974)

*Comentario:* O mes considérase normal tendo en conta as temperaturas media e mínima mentres que para a temperatura máxima é cálido.

A chuvia acumulada nesta localidade é inferior ó rango de valores normais polo que o mes resulta seco, o número de días de chuvia tamén é moi inferior ó valor climático agardado.



**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	DECEMBRO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.0	10.1	13.4 (1989)	7.9 (1975)
Tª mínima media	6.6	5.9	10.2 (1989)	2.7 (1975)
Tª mínima absoluta	0.5 (día 27)	-5.7 (25/12/1994)		
Tª mínima máis alta	13.5 (día 5)	16.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	14.2	14.3	16.6 (1989)	12.6 (1973)
Tª máxima absoluta	17.3 (día 21)	25.5 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	10.9 (día 3)	7.2 (11/12/1983)		
Precipitación acumulada	153	198-265	881 (1978)	24 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	16	15	28 (2000)	4 (1988)

*Comentario:* Mes normal tendo en conta as temperaturas media e máxima, en canto as temperaturas mínimas o mes considérase cálido.

A chuvia rexistrada é inferior ó rango de valores normais agardados polo que o mes considérase seco, contrasta sen embargo o número de días de chuvia, lixeiramente superior ó valor climático.

**OURENSE**

	DECEMBRO 2011	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	7.6	8.5	11.9 (1989)	5.1 (1980)
Tª mínima media	4.0	4.3	8.7 (1981)	0.7 (1988)
Tª mínima absoluta	-2.1 (día 27)	-6.0 (31/12/1980)		
Tª mínima máis alta	12.0 (día 13)	16.0 (12/12/1981)		
Tª máxima media	12.1	12.7	14.6 (2000)	9.1 (1980)
Tª máxima absoluta	17.5 (día 5)	22.4 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	5.7 (día 19)	3.2 (25/12/1986)		
Precipitación acumulada	44	87-123	405 (1978)	5 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	9	12	23 (2000)	2 (1988)

*Comentario:* Mes frío para a temperatura media e normal para as máximas e mínimas.

A chuvia rexistrada é inferior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia tamén é inferior ó valor climático agardado.






## 4 TEMPERATURA

As temperaturas marcaron valores normais en xeral para a época do ano, debido á suma de xornadas con sudoeste, con outras nas que predominaron os ventos de norte. Tamén contribuíu a esta normalidade o período anticiclónico entre o 21 e o 27 que deixou días de xeadas e baixas temperaturas mínimas.

### 4.1. Temperatura máxima media mensual.




Tmáx - 12/2011

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 4:** Mapa de temperatura máxima media do mes de decembro de 2011.



## 5 Temperatura mínima media mensual.



Tmín - 12/2011


[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 5:** Mapa de temperatura mínima media do mes de decembro de 2011.





**5.1. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 decembro.**



**Figura 6:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables, nas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de observación de MeteoGalicia.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Coto Muiño	Zas	A Coruña	1.5
A Gándara	Vimianzo	A Coruña	1.1
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	0.9
Mourelle	Sarria	Lugo	0.9
Sambreixo	Guitiriz	Lugo	0.9
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	0.9
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	0.7
Guitiriz	Guitiriz	Lugo	0.7
Malpica	Malpica	A Coruña	0.7
Bóveda	Bóveda	Lugo	0.5

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de decembro de 2011.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas, na rede de estacións de MeteoGalicia, con respecto ao período climático 1971-2000.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	-1.2
Ponte Boga	Castro Caldelas	Ourense	-1.2
Courel	Folgozo	Lugo	-1.0
Remuíño	Arnoia	Ourense	-1.0
Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	-0.9
EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	-0.9
Lira	Carnota	A Coruña	-0.9
Marroxo	Monforte	Lugo	-0.9
Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-0.8
San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	-0.8

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de decembro de 2011.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de decembro de 2011 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2011				
por debaixo dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
05/12/2011	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	19.6
21/12/2011	Vigo	Vigo	Pontevedra	18.4
26/12/2011	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	18.3
21/12/2011	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	18.1
16/12/2011	Oímbra	Oímbra	Ourense	17.9
21/12/2011	As Eiras	O Rosal	Pontevedra	17.7
01/12/2011	Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	17.7
16/12/2011	Verín-Vilela	Verín	Ourense	17.6
21/12/2011	A Granxa	Ponteareas	Pontevedra	17.5
05/12/2011	Ourense	Ourense	Ourense	17.5

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2011 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2011				
por riba dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
22/12/2011	Xurés	Muiños	Ourense	18.2
22/12/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	18.2
22/12/2011	Corzos	A Veiga	Ourense	17.8
22/12/2011	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	17.2
22/12/2011	Ancares	Cervantes	Lugo	17.1
22/12/2011	Xares	A Veiga	Ourense	16.8
22/12/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	15.0
22/12/2011	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	14.4
21/12/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	14.3
26/12/2011	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	12.2

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2011 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de decembro de 2011 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2011				
por riba dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
18/12/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-7.4
19/12/2011	Xares	A Veiga	Ourense	-6.2
30/12/2011	Corzos	A Veiga	Ourense	-5.3
29/12/2011	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	-4.6
30/12/2011	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-4.5
30/12/2011	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-3.8
19/12/2011	Ancares	Cervantes	Lugo	-3.6
18/12/2011	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	-2.4
19/12/2011	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	-1.9
19/12/2011	Xurés	Muiños	Ourense	-1.2

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2011 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2011				
por debaixo dos 1000m de altitude				
InstanteLectura	NombreEstacion	Concello	Provincia	TA (°C)
30/12/2011	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-7.7
27/12/2011	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-7.6
26/12/2011	Mourelle	Sarria	Lugo	-6.5
30/12/2011	Baltar	Baltar	Ourense	-6.0
27/12/2011	Oímbra	Oímbra	Ourense	-5.8
27/12/2011	Bóveda	Bóveda	Lugo	-5.7
30/12/2011	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-5.3
30/12/2011	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-4.9
27/12/2011	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	-4.8
30/12/2011	Larouco	Larouco	Ourense	-4.2

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2011 altitude inferior a 1000m.

En moitas localidades de Ourense acadáronse temperaturas mínimas que non chegaron os 0°C de temperatura.



## 5.2. Evolución da temperatura media no período 1961-2011.




Figura 7: Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2011 para decembro.




Figura 8: Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2011 para decembro.






## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron en xeral por debaixo das normais para un mes de Decembro. Porén, o número de días de chuvia si foi o habitual. Isto quere dicir que a presenza do anticiclón nos Azores fixo que as fronteiras que chegaron a Galicia non fosen en xeral moi activas, tal como adoita suceder nesta época do ano.


### 6.1. Precipitación acumulada mensual decembro 2011



**Figura 9:** Mapa de precipitación acumulada do mes de decembro de 2011.



## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.




**Figura 10:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de decembro de 2011.

O sudeste da provincia de Ourense, rexistrou as precipitacións máis baixas con respecto ó período de referencia 1971-2000 con valores entre o 20% e o 40%.





### 6.3. Días de chuvia en decembro de 2011



**Figura 11:** Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de decembro de 2011.

Os valores máis altos do número de días de chuvia rexistráronse principalmente na provincia da Coruña e noroeste da provincia de Lugo, mentres que na provincia de Ourense rexistráronse os valores máis baixos para esta variable.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de decembro.

Precipitacións acumuladas máximas en decembro de 2011 (L/m <sup>2</sup> )			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	278
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	248
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	247
Coto Muiño	Zas	A Coruña	244
Pereira	Forcarei	Pontevedra	236
Labrada	Abadín	Lugo	232
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	208
Muralla	Lousame	A Coruña	207
A Gándara	Vimianzo	A Coruña	192
Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	185

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de decembro de 2011.

Como se pode observar, a provincia de Pontevedra, a costa da morte e a serra do Xistral son as rexións nas que se rexistrou a maior precipitación neste mes de decembro de 2011.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	84	15/12/2011 14:20
AsEiras	O Rosal	Pontevedra	72	09/12/2011 16:20
CMuiño	Zas	A Coruña	65	15/12/2011 16:00
Pereira	Forcarei	Pontevedra	61	15/12/2011 15:40
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	59	15/12/2011 15:30
Muralla	Lousame	A Coruña	54	15/12/2011 12:10
Areas	Tui	Pontevedra	53	09/12/2011 16:30
Labrada	Abadín	Lugo	52	16/12/2011 0:20
Manzaneda	Manzaneda	Ourense	52	15/12/2011 19:10
SFaladoira	Ortigueira	A Coruña	51	15/12/2011 22:50

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de decembro de 2011.



## 6.4. Evolución da precipitación no período 1961-2011




Figura 12: Evolución da precipitación acumulada en decembro respecto ó período 71-00.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en decembro respecto ó período 71-00.

A serie rexional para precipitación en Galicia é un 50% inferior aos valores climáticos agardados para esta época do ano.



## 7 VENTO

Galicia no período do 12 ó 16 estivo afectada por un centro de baixas presións moi profundo e con forte gradiente bórico. Esta situación propiciou fortes refachos de vento, chegando a superarse os 100km/h en algúns puntos da Comunidade. Na táboa 9 móstranse os casos nos que os refachos foron superiores aos 100 km/h.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en decembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
16/12/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	151.2
16/12/2011	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	151.0
16/12/2011	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	131.1
15/12/2011	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	130.4
16/12/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	130.3
16/12/2011	Xurés	Muiños	Ourense	130.2
16/12/2011	Ancares	Cervantes	Lugo	129.4
13/12/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	125.5
01/12/2011	Burela	Burela	Lugo	123.9
01/12/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	123.6
16/12/2011	Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	123.0
14/12/2011	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	122.5
01/12/2011	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	120.6
01/12/2011	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	120.3
15/12/2011	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	120.0
16/12/2011	Xares	A Veiga	Ourense	118.7
01/12/2011	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	118.3
16/12/2011	Malpica	Malpica	A Coruña	115.5
16/12/2011	Fragavella	Abadín	Lugo	113.4
01/12/2011	Muralla	Lousame	A Coruña	113.1
01/12/2011	Fragavella	Abadín	Lugo	112.7
16/12/2011	Amiudal	Avión	Ourense	112.0
13/12/2011	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	111.9
16/12/2011	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	111.7
16/12/2011	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	110.8
01/12/2011	Camariñas	Camariñas	A Coruña	110.1



Refachos máximos superiores aos 100 km/h en decembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
16/12/2011	Burela	Burela	Lugo	110.1
13/12/2011	Malpica	Malpica	A Coruña	109.7
16/12/2011	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	109.7
14/12/2011	Malpica	Malpica	A Coruña	108.9
12/12/2011	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	105.9
12/12/2011	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	105.6
15/12/2011	Burela	Burela	Lugo	105.5
01/12/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	105.0
16/12/2011	Serra do Faro	Rodeiro	Pontevedra	104.8
16/12/2011	Camariñas	Camariñas	A Coruña	104.5
14/12/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	104.4
16/12/2011	Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	104.4
13/12/2011	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	104.0
16/12/2011	Lira	Carnota	A Coruña	103.8
16/12/2011	Marco da Curra	Monfero	A Coruña	103.0
16/12/2011	Muralla	Lousame	A Coruña	103.0
13/12/2011	Burela	Burela	Lugo	102.9
16/12/2011	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	102.6
01/12/2011	Malpica	Malpica	A Coruña	102.2
16/12/2011	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	102.2
13/12/2011	Xares	A Veiga	Ourense	101.4
15/12/2011	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	101.2
16/12/2011	O Viso	Redondela	Pontevedra	100.9
12/12/2011	Fragavella	Abadín	Lugo	100.8
14/12/2011	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	100.6
13/12/2011	Fragavella	Abadín	Lugo	100.0

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de decembro de 2011.

Nas táboas seguintes preséntase un resumo no que se inclúen a rosa dos ventos das estacións meteorolóxicas escollidas, a velocidade media mensual, o refacho máximo (km/h) e a porcentaxe de calmas.





PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Municipio	Refach o máxim o (km/h)	Compoñent e dominante	% calma s	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	103.8	SO	14%		
		Día 16				
Punta Candieira	Cedeira	151.0	SO	7%		
		Día 16				
Malpica	Malpica	115.5	O	2%		
		Día 16				
Marco da Curra	Monfero	103.0	SO	8%		
		Día 16				
Río do Sol	Coristanco	97.1	SO	2%		
		Día 16				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de decembro de 2011 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	123.9	SO	5%		
		Día 1				
Ancares	Cervantes	129.4	SO	18%		
		Día 16				

Táboa 11: Resumo vento no mes de maio de 2011 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	119.4	SO	17%		
		Día 16				
Alto do Rodicio	Maceda	104.4	SO	14%		
		Día 16				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	93.0	NO	33%		
		Día 16				

**Táboa 12:** Resumo do vento no mes de decembro de 2011 na provincia de Ourense.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Municipio	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de montes	102.2	S	24%		
		Día 16				
S. Faro	Rodeiro	104.8	S	6%		
		Día 16				
Ons	Bueu	85.2	NE	12%		
		Día 16				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de decembro de 2011 na provincia de Pontevedra.



## 8 RADIACIÓN SOLAR


### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 14:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de decembro de 2011.



## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 15:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



## 9 RAIOS

No seguinte gráfico móstrase o total de raios caídos sobre Galicia para cada día do mes. Só se rexistraron 12 raios neste mes de decembro, todos os raios detectáronse na provincia de A Coruña.



**Figura 16:** Número total de raios caídos en Galicia en decembro de 2011.



Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 12

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>A Coruña</b>																								
A Gándara	9.2	11.1	14.1	22	7.4	4.4	25	192	39.7	16	159	97	100	89	26	70	384	22.3	120	978	25	0		
Aldea Nova	9.7	12.1	16.8	22	7.6	3.6	29	167	25.4	1	143	88	96	77	20	53	342	11.9	94	993	25	0		
Camariñas	12.5	14.5	16.5	1	9.7	4.2	19	67	13.4	10	29	81	93	64	25	69	420	17.6	110	--	21	0		
Cespón	10.5	13.9	16.8	5	7.1	1.7	19	170	44.8	16	143	88	96	72	27	74	427	6.5	76	1022	23	0		
CIS Ferrol	11.1	13.9	16.3	22	8.1	2.5	19	141	21.9	1	116	88	99	72	22	60	361	10.8	83	1022	27	0		
Corrubedo	11.4	13.8	15.6	5	8.9	4.9	19	89	22.4	20	54	82	92	69	29	80	441	14.0	74	1024	21	0		
Coruña	11.8	14.3	16.7	1	9.2	3.8	25	140	22.2	1	--	79	91	64	--	--	--	--	--	--	22	0		
Coruña Dique	11.8	14.0	16.8	16	9.1	2.7	25	62	9.4	1	--	87	98	72	--	--	--	18.4	94	1025	19	0		
Coto Muiño	9.0	12.3	15.1	26	5.3	-1.4	19	243	62.0	16	--	94	100	78	--	--	--	5.8	66	--	26	3		
Fontecada	8.7	11.7	14.9	22	5.9	0.1	19	247	77.6	16	159	90	96	79	25	67	411	11.2	95	983	24	0		
Lesende	9.9	12.9	14.8	16	7.0	2.6	19	85	16.9	10	--	83	91	70	--	--	--	5.4	65	--	22	0		
Lira	11.0	12.9	15.0	5	9.2	6.4	19	80	17.1	20	53	85	95	74	28	76	435	20.9	103	--	23	0		
Mabegondo	9.7	13.5	16.7	22	5.9	-1.6	25	90	19.9	1	63	86	93	72	27	73	434	6.5	71	1015	26	3		
Malpica	10.9	12.8	15.7	1	8.8	4.8	19	105	20.4	16	73	85	95	74	28	75	432	25.6	115	1007	25	0		
Marco da Curra	6.9	8.8	11.8	16	5.0	1.5	25	168	36.4	16	--	93	99	84	21	56	364	19.4	103	950	25	0		
Melide	7.5	11.0	14.6	22	4.2	-1.3	30	152	27.6	16	132	90	97	76	21	58	363	7.9	68	971	24	4		
Muralla	7.2	9.2	13.8	25	5.3	2.5	19	207	52.2	16	183	94	99	85	24	65	368	22.0	113	949	24	0		
Olas	7.9	10.8	13.8	22	5.0	-0.5	19	118	25.4	16	--	92	98	79	23	64	368	--	--	--	25	1		
Pazo de Galegos	9.3	12.7	15.4	22	6.2	-0.2	19	92	18.0	16	--	85	92	70	19	52	378	4.3	54	1000	20	1		
Punta Candieira	10.1	11.6	14.9	22	8.5	6.2	19	126	33.6	16	92	83	94	71	20	55	365	32.0	150	995	22	0		
Raído-Arzúa	7.8	11.2	14.2	22	4.3	-2.8	30	156	43.0	16	--	91	98	77	--	--	--	--	--	983	26	4		
Río do Sol	7.7	10.3	13.9	22	5.5	2.6	19	171	44.1	16	148	92	98	82	25	67	370	19.8	97	963	25	0		
Sabón	12.1	14.4	16.4	16	9.3	3.0	25	93	16.0	1	46	77	88	64	30	82	431	17.3	88	--	21	0		
Sálvora	12.6	14.3	17.0	6	10.8	7.0	19	--	18.9	1	--	82	92	70	27	73	450	--	--	--	--	0		
Santiago-EOAS	9.2	12.3	14.6	22	6.4	0.7	19	118	26.6	16	--	92	99	79	--	34	336	9.0	79	997	22	0		
Sergude	8.9	12.3	14.9	22	5.8	-0.4	30	116	33.2	16	--	92	99	78	19	52	328	--	--	--	24	2		
Serra da Faladoira	7.4	9.2	12.3	16	5.6	3.0	29	185	50.7	16	163	94	99	85	21	58	379	23.4	123	958	25	0		
<b>Lugo</b>																								
Abradelo	5.8	8.9	13.4	22	2.8	-1.6	30	98	21.6	16	--	87	97	71	23	63	403	--	--	--	22	4		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0



**Rede de estacións automáticas da CMA**
**Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 12**

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:		
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación % de sol	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada	
<b>Lugo</b>																									
Ancares	3.6	6.2	17.1	22	0.7	-3.6	19	129	24.9	16	--	83	93	67	26	71	401	17.3	129	871	24	9			
Borreiros	10.2	14.1	16.5	1	6.6	1.3	25	129	35.3	16	100	82	93	64	25	69	402	5.4	61	1018	22	0			
Bóveda	6.3	10.4	15.8	5	2.8	-3.1	28	69	12.4	1	--	90	97	75	19	53	395	--	--	--	24	7			
Burela	9.2	11.3	13.6	8	7.4	4.3	18	91	21.8	16	59	85	97	74	30	83	470	17.3	123	975	18	0			
Campus Lugo	7.1	10.8	14.4	16	3.7	-2.2	30	64	15.2	1	--	90	97	74	20	56	399	5.0	56	977	28	5			
Castro R. de Lea	7.1	10.6	13.6	16	3.7	-3.9	25	75	15.6	1	--	92	99	78	25	69	410	--	--	977	25	5			
Conchada	5.9	9.5	12.8	5	3.1	-2.6	30	62	10.9	16	--	87	95	72	24	67	434	--	--	--	20	5			
Corno do Boi	6.2	8.5	11.6	16	4.1	0.7	30	118	27.7	16	100	95	100	86	22	60	360	17.3	98	--	27	0			
Courel	5.9	8.9	13.9	22	3.1	-1.3	30	120	23.0	16	99	84	93	69	24	65	376	7.2	79	936	20	4			
Foz	10.9	14.1	17.1	10	7.4	2.2	25	66	13.6	1	--	82	96	67	33	89	461	--	--	--	17	0			
Fragavella	7.1	9.4	12.9	16	4.2	-0.6	30	117	21.2	16	--	91	98	80	22	61	402	19.1	113	955	21	4			
Guitiriz	6.7	8.9	11.9	16	4.7	1.6	18	138	33.9	16	124	95	99	86	22	60	333	15.1	94	946	26	0			
Labrada	6.4	8.7	13.1	22	4.1	-0.4	19	221	52.0	16	--	92	98	81	22	61	372	11.5	64	--	24	2			
Lourenzá	10.0	13.9	16.4	10	6.1	-1.1	25	88	18.4	1	--	82	94	65	--	--	--	6.5	74	--	22	1			
Marroxo	6.4	9.3	12.8	5	3.7	-1.4	30	42	9.2	10	20	88	96	76	23	63	415	7.9	91	952	19	4			
Míllara	7.7	12.0	16.4	5	4.8	-0.4	30	64	14.3	13	--	91	99	72	--	--	--	3.6	44	--	15	1			
Mourelle	6.6	11.2	14.7	5	2.2	-6.1	30	68	15.4	1	49	90	97	73	18	50	376	3.2	46	977	24	9			
O Cebreiro	3.1	6.1	17.2	22	0.5	-3.8	30	111	26.2	13	--	88	97	74	22	61	374	19.1	131	876	23	10			
O Xipro	5.9	8.7	13.0	22	3.4	-0.8	19	104	17.6	1	82	90	98	77	24	65	367	11.5	89	934	27	3			
Olveda	6.3	9.6	12.7	16	3.4	-1.6	28	95	18.4	16	--	93	99	78	--	--	--	5.4	51	--	27	5			
Pedro Murias	11.6	14.5	17.7	1	8.7	2.4	25	62	13.8	1	11	74	86	63	31	85	436	14.8	88	1020	17	0			
Penedo do Galo	7.8	9.8	12.4	16	6.2	2.9	18	129	31.7	16	--	85	93	75	22	60	383	--	--	--	25	0			
Pol	6.5	9.3	13.1	22	4.0	-0.4	25	98	14.6	1	--	92	98	80	19	52	346	--	--	--	25	2			
Pontenova (A)	7.8	10.5	13.8	22	5.3	0.2	19	62	9.1	1	--	96	100	84	23	63	368	--	--	--	22	0			
Portomarín	6.9	10.6	14.7	16	3.6	-3.5	30	79	14.2	1	--	89	96	74	13	36	296	--	--	974	26	5			
Sambreixo	7.0	10.6	13.1	16	3.4	-3.0	30	96	23.2	16	--	90	97	77	24	65	393	--	--	--	22	7			
San Clodio	7.3	11.3	16.5	5	3.7	-2.5	28	64	13.2	10	--	88	98	69	--	--	--	2.9	40	997	18	5			
San Fiz	7.4	11.1	14.9	5	4.4	-1.0	30	31	8.9	10	7	87	94	71	24	67	428	7.2	44	980	13	2			

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada &gt;0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 12

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación % de sol	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>Lugo</b>																								
Sobrecedo	7.2	10.9	15.1	16	4.1	-1.1	30	35	9.1	10	21	88	95	73	11	31	233	3.6	39	979	12	4		
Ventosa	5.3	8.3	13.9	22	2.1	-2.6	30	128	30.9	16	106	86	96	71	24	65	384	12.6	102	920	25	6		
Vilamor	10.0	13.6	16.0	1	6.0	-1.2	25	75	23.6	1	45	80	90	65	27	73	408	5.8	59	--	16	2		
<b>Ourense</b>																								
Alto do Rodicio	5.2	7.8	13.5	22	2.2	-2.4	30	123	22.5	1	--	90	99	74	19	53	349	15.5	104	913	21	5		
Amiudal	6.9	10.0	14.3	21	4.3	-0.9	28	104	35.5	16	--	90	96	77	23	63	411	11.2	111	--	22	2		
Baltar	5.6	10.7	16.6	25	0.7	-6.0	30	45	10.8	10	--	80	90	61	34	95	531	9.4	77	933	20	12		
Cabeza de Manzaneda	1.7	4.8	15.0	22	-0.9	-7.4	18	115	50.4	16	--	80	92	60	--	--	442	26.6	130	830	25	20		
Calvos	4.6	10.1	17.1	25	-0.5	-7.7	30	85	28.5	16	--	91	99	70	--	--	--	9.0	79	--	21	18		
Corzos	3.3	7.8	17.8	22	-0.4	-5.3	30	71	16.2	16	--	86	97	67	--	--	--	8.6	66	--	25	18		
Entrimo	6.7	10.9	16.8	25	3.4	-0.5	19	134	33.5	16	--	82	92	65	36	100	509	--	--	--	18	3		
EVEGA Leiro	7.8	13.1	19.6	5	3.8	-3.2	30	70	19.4	13	--	91	99	69	--	--	--	2.2	52	--	21	6		
Gandarela	7.1	10.4	13.8	13	4.2	-0.7	28	51	12.8	1	--	87	95	73	22	59	416	9.4	92	954	17	2		
Lardeira	2.7	5.1	13.8	25	-0.1	-4.6	29	48	27.6	16	--	79	93	62	33	90	435	23.8	151	844	16	16		
Larouco	6.5	10.8	15.8	5	3.0	-4.2	30	24	7.1	10	--	83	92	64	--	--	--	3.2	49	--	15	6		
Laza	6.3	11.1	14.6	5	2.5	-3.2	30	55	13.6	10	--	88	97	68	--	--	--	4.3	58	--	21	7		
Monte Medo	6.3	10.3	14.1	25	2.5	-4.0	30	75	21.2	10	--	90	99	70	25	70	441	--	--	--	24	7		
O Invernadeiro	4.3	9.4	14.3	21	0.6	-4.5	30	92	19.6	10	66	85	94	69	36	100	537	7.9	87	908	22	13		
Oímbra	6.4	11.7	17.9	16	1.9	-5.0	30	23	14.2	10	--	84	94	64	--	--	--	4.0	72	983	10	9		
Ourense	8.1	12.3	17.5	5	4.4	-2.0	30	43	13.4	10	--	84	95	65	--	--	--	--	--	--	17	5		
Ourense-Ciencias	8.4	12.2	16.5	5	5.1	-0.6	30	33	9.3	10	--	85	96	69	24	66	437	4.0	56	1009	13	2		
Pazo de Fontefiz	7.2	10.8	15.1	5	4.2	-1.9	30	44	14.4	10	--	87	94	73	--	--	--	4.0	--	979	11	4		
Petarelas (As)	6.1	10.5	14.7	16	2.6	-3.4	30	60	10.5	1	--	83	93	65	30	84	497	--	--	--	18	7		
Ponte Boga	7.0	10.7	15.2	5	3.6	-2.9	30	38	12.5	10	--	83	92	69	--	--	--	4.3	65	972	12	5		
Remuíño	7.6	12.4	17.0	21	4.0	-3.3	30	89	22.4	16	--	92	98	72	--	--	--	3.2	64	--	23	8		
Riós	5.6	10.6	16.1	21	1.7	-2.3	23	45	14.1	10	--	89	99	70	--	--	--	3.6	54	--	19	9		
San Xoán de Río	4.4	7.7	11.2	21	1.6	-1.9	19	59	10.6	16	--	91	98	74	25	70	416	--	--	908	26	8		
Serra do Eixe	4.1	6.8	14.4	22	1.4	-2.4	18	79	16.1	5	55	83	95	64	30	83	446	14.8	110	886	21	9		
Verín-Vilamaior	6.4	11.0	15.9	16	2.8	-2.7	30	38	15.8	10	14	87	97	68	31	85	473	5.4	71	963	19	4		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 12

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación % de sol	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>Ourense</b>																								
Verín-Vilela	5.9	12.0	17.6	16	1.4	-6.6	30	25	11.0	10	--	88	98	65	--	--	--	4.0	52	--	21	9		
Viana do Bolo	5.1	9.9	13.9	25	1.0	-5.3	30	31	8.0	16	4	84	95	64	35	97	510	7.9	69	928	20	10		
Xares	1.8	4.8	16.8	22	-1.0	-6.2	19	95	25.0	16	--	74	88	57	35	97	509	22.0	118	830	17	19		
Xurés	5.4	8.7	18.2	22	2.4	-1.2	19	77	19.8	16	51	83	95	63	35	97	518	16.6	130	905	17	4		
<b>Pontevedra</b>																								
A Granxa	8.6	13.5	17.5	21	4.8	-2.7	30	93	27.9	10	73	87	93	69	22	61	343	2.5	--	--	15	4		
Areas	9.4	13.3	17.0	5	6.1	-0.2	28	168	34.6	10	--	88	97	72	--	--	--	3.2	39	--	23	1		
Areeiro	10.4	13.6	16.2	21	7.3	2.4	25	97	36.6	10	--	83	92	66	--	--	--	4.0	82	--	18	0		
As Eiras	9.8	13.7	17.7	21	6.4	-0.2	28	161	57.2	10	80	87	97	70	26	71	441	2.5	48	--	22	1		
Caldas de Reis	9.5	12.3	15.1	22	7.0	1.7	19	123	22.3	16	--	92	100	77	--	--	308	--	--	995	21	0		
Castro Vicaludo	9.0	11.3	14.8	21	6.9	2.6	30	118	32.8	10	--	96	100	87	--	--	308	16.2	98	971	18	0		
Castrove	8.9	11.1	13.9	22	7.0	4.5	18	173	31.5	13	150	87	94	75	26	73	396	11.5	82	975	22	0		
Cequeleños	8.6	12.2	15.8	21	5.6	-0.2	28	98	21.8	10	--	91	99	73	--	--	--	9.7	69	--	21	2		
Corón	11.6	14.0	16.1	1	9.0	3.3	19	106	20.4	10	--	83	94	69	--	--	399	14.0	89	1025	19	0		
Entenza	9.0	13.4	18.1	21	5.7	-1.1	28	123	32.6	10	99	92	99	72	27	74	459	2.9	50	--	25	1		
Fornelos de Montes	7.3	9.8	15.1	22	5.1	2.0	18	247	47.0	16	--	87	96	73	22	60	380	13.7	102	944	21	0		
Illas Cíes	12.3	14.5	16.3	5	10.2	6.6	30	92	29.4	10	--	79	87	66	31	87	455	--	--	--	20	0		
Louredo	8.3	11.2	14.4	16	5.3	-0.2	30	80	21.7	10	--	89	94	76	--	--	--	1.8	62	998	16	1		
Lourizán	10.3	14.2	17.3	21	7.0	1.6	25	153	32.4	10	129	90	93	65	27	74	425	4.7	59	1021	23	0		
Meder	9.2	13.2	17.0	21	5.8	-1.5	28	64	27.6	10	--	86	93	69	--	--	--	2.5	77	1010	13	2		
Monte Aloia	8.3	11.2	15.9	21	5.9	0.3	30	167	29.8	13	142	87	93	74	29	82	456	7.9	77	969	21	0		
Mouriscade	6.8	11.3	14.0	25	2.3	-4.9	30	91	29.8	16	--	88	93	80	19	53	409	6.5	69	968	25	11		
O Viso	9.5	12.6	15.5	21	7.0	2.2	30	109	25.3	16	86	86	95	72	28	78	415	11.9	100	995	20	0		
Ons	11.2	13.1	15.5	6	9.2	5.0	19	108	33.4	10	--	85	95	71	26	73	452	18.4	85	1013	21	0		
Pereira	6.8	9.7	15.4	22	4.2	1.1	18	236	53.8	16	--	93	100	81	26	72	413	--	--	943	23	0		
Queimadelos	8.7	11.6	15.9	21	6.3	2.9	30	165	30.4	13	147	90	96	78	13	36	332	4.0	63	984	21	0		
Rebordelo	7.8	12.0	16.2	21	3.5	-2.3	30	207	31.0	16	--	90	98	72	28	78	424	--	--	984	25	6		
Sanxenxo	11.4	14.5	17.3	5	8.7	4.5	30	127	27.6	10	102	82	93	66	28	77	432	5.8	58	1023	19	0		
Serra do Faro	5.3	7.8	15.4	22	3.0	0.0	30	122	25.0	16	104	88	95	74	22	61	379	20.9	104	911	24	2		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0

Rede de estacións automáticas da CMA

Boletín Mensual Climatolóxico, Ano: 2011 Mes: 12

Provincia Estación	Tª Media °C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC <sup>(1)</sup> l/m2	Humidade relativa %			Radiación solar			Vento km/h		Presión hPa Media	Número de días de:	
	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Med.	Absl.	Día	Total	Máx.	Día		Stand.	Máx.	Mín.	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. Med.	Racha Máx.		Choiva <sup>(2)</sup>	Xeada
<b>Pontevedra</b>																								
Soutomaior	9.6	13.1	16.8	21	6.9	2.1	30	92	29.3	10	--	83	90	70	--	--	--	3.2	62	--	15	0		
Torrequeixán	10.2	13.9	15.9	5	6.7	0.9	19	70	24.6	10	44	85	93	68	27	75	413	5.0	64	1019	18	0		
Tremoedo	10.4	13.8	16.3	21	7.1	2.0	30	98	25.8	10	--	83	91	67	--	--	--	4.0	82	--	22	0		
Vigo	11.0	14.4	18.4	21	8.1	3.2	30	95	19.4	10	--	80	91	62	--	--	--	--	--	--	19	0		
Vigo-Campus	9.2	11.5	15.3	21	7.3	3.6	30	153	27.4	16	122	81	89	70	32	89	472	9.0	81	972	21	0		
Vigo-IlMarinas	11.9	14.6	17.4	21	9.5	4.8	30	93	22.3	10	49	78	90	62	31	86	463	8.6	75	1025	19	0		
Xesteiras	6.9	9.0	14.0	25	5.0	1.7	29	277	55.3	16	--	90	95	80	--	--	--	22.0	120	--	24	0		

(1) BHC: Balance hídrico calculado.

(2) Nº de días con precipitación acumulada >0